



Departamento de Relixión Católica

Programación didáctica 2018/2019

IES Agra de Leborís

A Laracha – A Coruña

Asdo. Gloria Fernández Fernández

Xefa de Departamento.

ÍNDICE.

I.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

II.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

III.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

IV.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.

V.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

VI.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

VII.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

VIII.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

IX.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

X.- DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

XI.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

XII.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

XIII.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .

XIV.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

XV.- PLAN LECTOR

XV.- *PLAN TICs.*

XVI.- *PLAN DE CONVIVENCIA.*

XVII.- *PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 1º ESO.*

XVIII.- *PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º ESO.*

XIX.- *PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º ESO.*

XX.- *PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 4º ESO.*

XXI.- *PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 1º BAC.*

I.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Programación do Departamento de Relixión Católica, curso académico 2018-2019, para os cursos de 1º, 2º, 3º e 4º ESO e 1º Bacharelato, realizada seguindo os criterios da LOMCE e as instrucións da Resolución do 15 de xullo de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a implantación do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente programación levarase a cabo no IES Agra de Leborís (A Laracha). No centro impártense ensinanzas de ESO e Bacharelato. Na ESO ten líña catro ata 3º da ESO, e líña tres en 4º da ESO. Ten dous bacharelatos, un de Ciencias e un de Humanidades e CCSS Sociais. Como medidas máis salientables de atención á diversidade ten, 1 grupo de PMAR en 3º ESO.

II.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial.

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, cómpre a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e das nosas alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder darlles resposta ás súas necesidades.

Na área de Relixión Católica

A área de Relixión Católica contribúe ao desenvolvemento das competencias desde as súas finalidades educativas, obxectivos, contidos e actividades de aprendizaxe e avaliación.

No libro de texto do alumnado, desenvólvense as competencias nas actividades de ensinanza-aprendizaxe de cada unidade, e de forma máis específica, nas tres páxinas que comprenden o «Obradoiro de intelixencias múltiples». Estas páxinas están concibidas como un obradoiro educativo onde o alumnado, por medio da reflexión, da actividade e da aplicación, desenvolve as competencias. Especialmente, trabállanse as competencias desde a intelixencia espiritual, a intelixencia emocional e a educación en valores, así como as seguintes propostas do currículo de Relixión Católica (2015):

- A competencia en comunicación lingüística.
- As competencias sociais e cívicas.
- A competencia cultural e artística.
- A competencia para a autonomía e iniciativa persoal.
- A competencia de aprender a aprender.
- A competencia de conciencia e expresións culturais.

DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do medio e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co medio natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso arredor e responder preguntas.

	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Darlles prioridade á consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.

	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais a prol da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

III.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.

Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido

crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para

favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, co consumo, co coidado dos seres vivos e co medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS DA ÀREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA NA ESO.

A área de Relixión e Moral Católica fundaméntase nas esixencias que leva consigo desenvolver, na escola, a educación integral e a aplicación duns dereitos expresados na Declaración universal de dereitos humanos (1948, artigo 26.3); na Constitución española (1978, artigo 27.3); no Pacto internacional de dereitos humanos, económicos, sociais e culturais (1966, artigo 13.3); na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea (2000, artigo 10 e 14.3), etc. Ademais, está garantida polo acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanza e asuntos culturais (3-1-1979).

A práctica destes dereitos leva consigo unha ensinanza relixiosa escolar e confesional. Esta ensinanza concrétase na área de Relixión e Moral Católica, unha materia específica e rigorosamente escolar, ordinaria para os que a soliciten, equiparable ao resto das materias no rigor científico, na formulación dos seus obxectivos e contidos, e na súa significación educativa dentro do currículo. Así mesmo, contribúe á formación integral do alumnado e ao pleno desenvolvemento da persoa en todas as súas capacidades.

A área de Relixión Católica é unha materia opcional curricular de carácter confesional. A súa identidade resúmese nas súas «Finalidades Educativas» ou «Obxectivos Xerais». Estes deben ser a meta e a directriz no seu deseño e o seu desenvolvemento curricular (realización da programación xeral de curso, de cada unidade didáctica, etc.). As seguintes «Finalidades educativas da Educación Secundaria», sinalan as metas finais a que deben conducir todo curso e unidade didáctica de Relixión Católica.

Obxectivos xerais da área de Relixión Católica de Educación Secundaria:

1. Educar a dimensión transcendente e relixiosa, e a el partindo da experiencia humana e «desde» e «para» a vida persoal, social, relixiosa e ambiental.
2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado desde unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.
3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida desde unha educación en valores e virtudes humanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiás.
4. Presentar a visión cristiá da persoa e a historia desde a realidade cotiá, desde o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristiá-católica en diálogo cos testemuños de persoas exemplares e os problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral desde a aplicación de testemuños exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver unha ensinanza-aprendizaxe da relixión que promova a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para dar un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiás.
9. Educar na participación social e na práctica de compromisos solidarios que melloren o medio, as relacións interpersoais e a vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autocoñecemento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior...
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiás e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado desde a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.

13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, e así ser máis feliz cun mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.
14. Coñecer a Relixión e Moral Católica desde as TIC, a investigación, a aprendizaxe cooperativa e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer unha ensinanza integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación das súas ensinanzas para ser máis feliz na vida persoal e social.

Os obxectivos concretos para cada curso figuran desglosados na programación do nivel educativo correspondente.

IV.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.

Aparecen indicados na programación de cada nivel educativo.

V.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, cómpre optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOMCE e no Real decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria; nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagogía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións, son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e dos elementos que as compoñen: obxectivos, centros de interese, contidos, metodoloxía, actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación. Estes principios e a súa concreción en estratexias, procedementos, recursos e accións organizadas, forman parte do máis orixinal do «Proxecto de Relixión» de Anaya.

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o explicita o currículo:

«Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírlle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe.

A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica.

«Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá

(problemas, interrogantes, aspiracións, fracasos, necesidades, noticias...). Desde eles motívase o estudante, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

«Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc.

Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

A) Experiencias de educación no sentido da vida.

B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.

C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.

D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.

E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.

5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinabilidade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal

interdisciplinaria, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.

6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.
7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado a ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas de forma que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.
8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou a alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é quen de desenvolver as súas competencias. Deles xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesor ou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.
9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía pechada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagogía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

O presente proxecto dálle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas

capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).

- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

A partir do traballo cos desempeños competenciais obteranse diversas evidencias de aprendizaxe, vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo das distintas unidades didácticas, se planifique a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna; esta recollida pode pautarse, ou deixar que sexa o propio alumnado o que seleccione que evidencias quere mostrar. Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital. No anexo de avaliación preséntase un guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e polas alumnas.
- Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicalos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantizará unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.
11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.
12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo: «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas; outras, para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas un fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).

13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a

reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).

14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC: «Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da Relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que resulte útil para o estudante na busca de información ou na resolución de problemas considerados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender.

VI.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Utilización de diferentes manuais, fundamentalmente os manuais da editorial Anaya.
- Materiais, de distintas editoriais, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- A Biblia dixital
- Distintas webs para profesorado (Wikipedia,
- Distintas webs para alumnado e familias.
- Periódicos e revistas.
- Aula de Informática do centro.
- Documentais, vídeos, curtametraxes...
- Carpetas de recursos do Departamento.
- Catecismo da Igrexa Católica.
- Biblia.
- Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.

- Encíclicas. Documentos do Concilio Vaticano II.
- Comentarios de texto (especialmente para 2º Bacharelato).

- Películas.
- Internet na aula de Informática.
- Programas informáticos. Blogs. Wikis. Web 2.0 Youtube
- Exposición en paneis, murais.
- Diversos recursos lúdicos (encrucillados, sopas de letras...)
- Cancións e actividades musicais.
- Xogos e dinámicas grupais.
- Presentacións en Power-Point.
- Exercicios de valores.
- Bibliografía na biblioteca do Instituto.

VII.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

O **procedemento de avaliación da aprendizaxe** que emprega este departamento é o seguinte:

1. Observación directa e sistemática. Recollida no “Diario de clase”:
 - ✓ Participación, colaboración, comportamento, interese ...
2. Resumos, traballos de aplicación e síntese, textos escritos, producións orais e escritas, investigacións, uso das TIC. Recollido no “Portfolio”
3. Traballos individuais e colectivos.

Os **criterios de avaliación xerais**, empregados polo departamento de Relixión son:

1. Contidos aptitudinais (caderno de clase, portfolio) → 40% (Conceptos)
2. Contidos actitudinais e participación en tarefas de grupo → 40% (Actitudes)
3. Interese, participación, traballos monográficos, etc. → 20% (Procedementos)

Os **criterios de cualificación e promoción** serán:

- Avaliación ordinaria (xuño)
 - ✓ Media aritmética de cada un dos apartados (conceptos, actitudes e procedementos) especificados en cada unidade didáctica.

- ✓ O alumno/a aproba a materia se obtén unha cualificación igual ou superior a 5, despois de sumar as puntuacións obtidas en cada apartado.
 - ✓ A cualificación final será o resultado de realizar a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións.
- Avaliación extraordinaria (setembro)
- ✓ Se o alumno/a non acadada os mínimos esixibles suspende a materia, debendo recuperala mediante unha proba extraordinaria en setembro. Estas probas consistirán na realización dun traballo con actividades propostas polo profesor/a que recollan os contidos conceptuais incluídos na programación. Ao tratarse dunha proba extraordinaria teranse en conta só os mínimos esixibles de todo o curso.

VIII.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

A diversidade de actividades de avaliación da área de Relixión Católica elaboráronse en función dos seguintes criterios:

- A) Ofrecer en cada unidade didáctica unhas actividades de avaliación de calidade, que avalíen a todos e todo: alumnado, profesorado, materiais curriculares, tipos de contidos, e os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Será esta unha avaliación continua, formativa, orientadora e personalizadora, que se aplica sucesivamente por medio de actividades de avaliación inicial ou diagnóstica, avaliación formativa e avaliación final ou sumativa, e que capacitará o alumnado para avaliar a aprendizaxe acadada e valorar o seu proxecto persoal de vida.
- B) Realizar unhas actividades de avaliación que sexan educadoras, autoactivas, de autoaprendizaxe e de heteroavaliación e autoavaliación; unha avaliación de calidade que comproba a calidade dos resultados. Unha avaliación que sirva para medir e comparar os resultados obtidos cos obxectivos propostos, así como para sintetizar «o rigor científico-estadístico» da avaliación cuantitativa con «o persoal e imprevisible» da avaliación cualitativa. E todo iso, desde criterios que midan e avalíen o desenvolvemento das competencias, os seus descritores e os estándares de aprendizaxe avaliábeles.

C) Utilizar variadas técnicas e instrumentos de avaliación dos diferentes modelos de ensinanza e realizarse estes de forma colexiada.

D) Ofrecer actividades en clave de TIC na web do alumnado e na web do profesorado.

A avaliación inicial ou diagnóstica preséntase e realiza no libro do alumnado, concretamente na dobre páxina de presentación e na dobre páxina de «Experiencias humanas e cristiás».

A avaliación formativa ou orientadora desenvólvese no libro do alumnado nos apartados de «Experiencias humanas e cristiás», «os contidos», «a Biblia», as tres fichas do «Obradoiro de intelixencias múltiples» e as súas correspondentes actividades e recursos didácticos: lecturas e comentario de relatos, exercicios de comprensión lectora, actividades de aplicación persoal e social, traballos de investigación, etc. E, na web do alumnado, realízase por medio dun exercicio interactivo que se propón en cada unidade.

Estes apartados e recursos pretenden alcanzar os obxectivos e desenvolver as competencias da unidade, ao mesmo tempo que serven de orientación para o profesorado sobre os avances e os retrocesos no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

A avaliación final ou sumativa concrétase no libro do alumnado no apartado «Aprendín», que contén actividades para resumir, avaliar e reforzar os contidos da unidade. E, na web do alumnado, ofrécese unha proba obxectiva de avaliación.

Estes apartados e recursos teñen por obxectivo comprobar o grao de aprendizaxe final alcanzado sobre o tema por cada alumno ou alumna, e a aplicación práctica, cultural e existencial que extrae do tema para a súa vida persoal, social e relixiosa.

A autoavaliación do profesorado de Relixión Católica

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación, e cada profesor ou profesora de relixión, deberá completala segundo as súas necesidades de avaliación e mellora:

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

FERRAMENTAS COMÚNS DE AVALIACIÓN COMPETENCIAL.

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de

avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas; outras, para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

Ferramentas comúns de avaliación competencial

1. Rexistro de observación de caderno.
2. Diana de autoavaliación da xestión e a organización semanal.
3. Diana de autoavaliación do traballo diario.
4. Guión de autoavaliación para a realización de entrevistas.
5. Rúbrica de exposición oral.
6. Rúbrica de exposición con ferramentas dixitais.
7. Rúbrica de traballos escritos.
8. Táboa de avaliación da busca de información e fiabilidade das fontes.
9. Escala de autoavaliación da resolución de exercicios.
10. Diana de autoavaliación da actitude na aula.
11. Liña de evolución para avaliar actividades de comparación e contraste.
12. Rexistro de avaliación do traballo cooperativo.
13. Rúbrica para avaliar o tratamento de diversidade individual.
14. Rúbrica para avaliar o tratamento de diversidade no grupo.
15. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: planificación.
16. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: motivación do alumnado.
17. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: desenvolvemento do ensino.
18. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

Rexistros de avaliación de estándares de aprendizaxe

1. Rexistro de observación de caderno.
2. Diana de autoavaliación da xestión e a organización semanal.
3. Diana de autoavaliación do traballo diario.
4. Guión de autoavaliación para a realización de entrevistas.
5. Rúbrica de exposición oral.
6. Rúbrica de exposición con ferramentas dixitais.
7. Rúbrica de traballos escritos.
8. Táboa de avaliación da busca de información e fiabilidade das fontes.

9. Escala de autoavaliación da resolución de exercicios.
10. Diana de autoavaliación da actitude na aula.
11. Liña de evolución para avaliar actividades de comparación e contraste.
12. Rexistro de avaliación do traballo cooperativo.
13. Rúbrica para avaliar o tratamento de diversidade individual.
14. Rúbrica para avaliar o tratamento de diversidade no grupo.
15. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: planificación.
16. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: motivación do alumnado.
17. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: desenvolvemento do ensino.
18. Rexistro para a autoavaliación do profesorado: seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.



1. REXISTRO DE OBSERVACIÓN DO CADERNO

	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	
A portada do caderno, inclúe o curso, a materia, a data de inicio do caderno e o nome?																			
Indícase o inicio de cada tema e aparece a data en que toman os apuntamentos, se realizan as actividades, etc.?																			
Ao realizar unha actividade, cópiase o enunciado, ou polo menos indícase o seu número e onde atopalo (páxina do libro, fotocopias, Internet, etc.)?																			
Coidouse a ortografía e o uso correcto dos símbolos necesarios, así como a limpeza?																			
Respectáronse as marxes e realizouse unha distribución adecuada dos contidos do caderno?																			
Incluíronse correccións e aclaracións sempre que foi necesario?																			
Realizáronse ilustracións, debuxos, esquemas, resumos e/ou mapas mentais, que axuden no estudo e comprensión do contido?																			

NOTA: Esta escala de observación pódese empregar en calquera dos tres tipos de avaliación interna:

- Autoavaliación: os alumnos e as alumnas avalían o seu propio rendemento.
- Coavaliación: os alumnos avalíanse entre eles, intercambiando o seu papel de avaliados e avaliadores alternativamente.
- Heteroavaliación: a que realiza o profesorado ao seu alumnado.

2. DIANA DE AUTOAVALIACIÓN DA XESTIÓN E A ORGANIZACIÓN SEMANAL



3. DIANA DE AUTOAVALIACIÓN DO TRABALLO DIARIO

arredor da diana da dereita e marca cunha cruz nas interseccións

o similar ao que se mostra no exemplo inferior. Canto maior sexa

Tras a corrección, repasei os erros cometidos e, en caso necesario, volvíñ realizar as actividades e engadíñ unha reflexión sobre o traballo realizado.

este criterio:

Planifiquéi a realización do traballo diario e leveíña a cabo.

Realicei un desenvolvemento lóxico, ordenado e completo da resolución das tarefas encomendadas.



Corrixín as actividades, seguindo as explicacións dos meus compañeiros e compañeiras e as do profesor ou profesora.

Plasmei, de forma clara e concisa, a formulación e o desenvolvemento das actividades.

Entreguei as actividades en tempo e forma, cumprindo cos requisitos establecidos para a súa elaboración.

Apuntei as dúbidas que me xurdiron para consultalas co profesor ou a profesora na seguinte sesión.

Esforceime na realización das tarefas e preferín traballar de forma autónoma, aínda que non fose capaz de completalas, antes que rematalas coa axuda dun adulto.



4. GUIÓN DE AUTOAVALIACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ENTREVISTAS

Fíxate no seguinte guión de autoavaliación e reflexiona acerca dos textos que aparecen en cada fase.

Motivo da entrevista: Teño claro cal é o motivo de realizar esta entrevista? Que pretendo conseguir con ela? En que tema se centrará?

Entrevistado: Elixín a persoa máis adecuada para realizar a entrevista en función do tema que vou tratar? Explíqueille o obxectivo, a estrutura e o contido da entrevista?

Realización da entrevista: Presenteime ao inicio da entrevista, así como á persoa entrevistada? Preguntei con seguridade, orde e naturalidade, creando un diálogo agradable e interesante co entrevistado? Despedínme, agradecendo á persoa entrevistada a súa colaboración?

Estrutura da entrevista: Pensei que tipo de entrevista vou realizar e con que medios (gravadora de audio, de vídeo, lapis e papel, etc.)?

Contido da entrevista: Preparei unha batería de preguntas para realizar a entrevista? Tiven en conta as características da persoa entrevistada ao preparar as preguntas? Seleccionéinas e clasifíqueinas por orde de importancia, para asegurarme de que a persoa entrevistada me responda ás máis relevantes?

Reflexión: Realicei unha reflexión sincera e profunda tras a realización da entrevista? Cumprín cos obxectivos da entrevista?

Despois de finalizar cada fase, responde ás seguintes preguntas en relación con ela:

- Que fixen?
- Como o fixen?
- Que é o que fixen mellor e por que?
- Que é o que máis me custou e por que?
- Que faría doutro modo (ou non faría) e por que?
- Que é o que aprendín?
- Estou satisfeito ou satisfeita co traballo realizado? Por que?
- Como podo aplicar o que aprendín a outros contextos?
- Como podo mellorar a próxima vez?

5. RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
COMUNICACIÓN ORAL	1	Saúda ao comezar, preséntase e nomea o tema a tratar.	Preséntase e nomea o tema a tratar.	Saúda ao comezar e nomea o tema a tratar.	Saúda ao comezar e/ou preséntase.
	2	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta e coida a linguaxe non verbal.	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta, pero non coida a linguaxe non verbal.	Coida a linguaxe non verbal.	Usa o volume de forma adecuada.
	3	Realiza unha introdución esquemática e a orde da exposición é lóxica.	A orde da exposición é lóxica.	Realiza unha introdución esquemática da exposición.	A exposición presenta certa orde.
	4	Achega conclusións, invita a realizar preguntas e despídese.	Achega conclusións e invita a realizar preguntas.	Achega conclusións ou invita a realizar preguntas.	Despídese.
CONTIDO DA EXPOSICIÓN	5	A información que transmite é correcta e centrada no tema.	A información que transmite é do tema, pero ten algunhas incorreccións.	A información que transmite é correcta, pero doutro tema.	A información que transmite é doutro tema e ademais é errónea.
	6	A información foi traballada e elaborada polo propio alumno ou alumna a partir das fontes de información indicadas.	A información parece ter sido elaborada polo alumno ou alumna, pero non indicou as súas fontes.	Parte da información transmítese directamente desde unha ou varias fontes.	A información simplemente transmítese desde as fontes sen comprobar a súa fiabilidade.
	7	Emprega a linguaxe de forma adecuada e amena, utilizando vocabulario (técnico) acorde ao tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada e utiliza vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada.
	8	Responde ás preguntas con acerto e precisión.	Responde ás preguntas, pero deu algúns datos irrelevantes.	Responde a algunha pregunta con erros ou vaguidades.	Non responde a ningunha pregunta ou faino con continuos erros.
RECURSOS DE APOIO	9	Interactúa co auditorio mediante varias actividades que facilitan a comprensión do tema da exposición.	Realiza algunha actividade de apoio que facilita a comprensión do tema.	Realiza algunha actividade de apoio, pero non facilita a comprensión do tema por desviarse del.	Non realiza ningunha actividade de apoio que facilite a comprensión do tema da exposición.
	10	Emprega apoio audiovisual para recordar datos ou dar exemplos importantes, e é creativo.	Emprega apoio audiovisual que non achega información relevante ou non é creativo.	Emprega apoio audiovisual que se limita a ler ou proxectar, sen realizar unha exposición adecuada.	Apenas emprega apoio audiovisual ou carece del.

6. RÚBRICA DE EXPOSICIÓN CON FERRAMENTAS DIXITAIS

OBXECTIVO		PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1		A presentación é creativa, amena e orixinal.	A presentación mostra certa creatividade e é amena.	A presentación está desenvolvida a partir dun equipo xa existente.	A presentación non é de autoría propia.
	2		A presentación cobre o tema con profundidade, mostrando un coñecemento profundo sobre el.	A presentación cobre o tema de forma adecuada, mostrando un coñecemento adecuado sobre el.	A presentación cobre o tema, pero só inclúe información esencial sobre el, mostrando certos erros na asimilación do contido.	A presentación apenas inclúe a información esencial do tema, mostrando erros ou carencias na asimilación do contido.
	3		O uso de imaxes e/ou vídeos é amplo e adecuado, axudando á comprensión do tema.	O uso de imaxes e/ou vídeos é correcto; algunhas imaxes axudan á comprensión do tema.	O uso de imaxes e/ou vídeos é limitado, e non achegan nada nin axudan á comprensión do tema.	Empréganse imaxes e/ou vídeos que acaparan a exposición do tema, pero non achegan nada ao traballo.
	4		A presentación ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	A presentación ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	5		A presentación inclúe portada (que introduce o tema e aos autores) e un índice, e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento que ademais invita a realizar preguntas.	A presentación inclúe unha portada e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento que ademais invita a realizar preguntas, pero carece de índice.	A presentación inclúe unha portada e un índice, e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento, pero non invita a facer preguntas.	A presentación inclúe unha portada, pero non un índice, nin conclusións, nin invita a facer preguntas.
	6		A presentación mostra unha orde lóxica na exposición do contido: é doado de seguir.	A presentación está bastante organizada; algunha idea ou transparencia parece fóra de lugar, pero en xeral é doada de seguir.	A presentación é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas ou transparencias parecen fóra de lugar.	As ideas parecen estar ordenadas ao azar, con ideas e transparencias totalmente fóra de lugar. Tamén pode tratarse dunha copia doutra presentación.
	7		A carga de traballo está dividida equitativamente e é compartida por todos os membros do grupo.	A carga de traballo está dividida equitativamente, pero non é compartida por todos os membros do grupo.	Unha ou dúas persoas do grupo non realizaron a súa parte do traballo.	Máis de dúas persoas do grupo non realizaron a súa parte do traballo.

NOTA: Esta rúbrica pódese empregar en autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.

7. RÚBRICA DE TRABALLOS ESCRITOS

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo está ben definido e trátase de forma adecuada.	O tema está definido parcialmente, pero trátase de forma adecuada.	O tema está ben definido, pero déixanse puntos importantes sen tratar.	O tema está definido parcialmente e a información sobre el é escasa.
	2	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros e carencias na asimilación do contido.
	3	O uso de imaxes e infografías é amplo e adecuado.	O uso de imaxes e infografías é correcto.	O uso de imaxes e infografías é limitado, pero adecuado.	O uso de imaxes e infografías non achega nada ao traballo.
	4	O traballo ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	O traballo ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	5	A presentación do traballo é esmerada e coidada.	A presentación do traballo é adecuada.	A presentación do traballo é algo pobre.	Descoidouse a presentación do traballo.
ORGANIZACIÓN	6	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada só indica o tema obxecto do traballo, e é seguida por un índice.	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero carece de índice.	A portada non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	7	O contido do traballo está ben estruturado; unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto de ideas son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas parecen fóra de lugar ou empregáronse mal as transicións entre elas, e non se mantén a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato; custa lelo.
	8	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións propias.	O final do traballo inclúe unha reflexión.	O final do traballo inclúe conclusións, pero ningunha reflexión.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou si as inclúe, pero parecen copiadas doutra fonte.

NOTA: Esta rúbrica pódese empregar en autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.

8. TÁBOA DE BUSCA DE INFORMACIÓN E FIABILIDADE DAS FONTES

Á hora de empregar información obtida de diversas fontes, enche a seguinte táboa para reflexionar sobre a súa fiabilidade, e así decidir se a información obtida pode ser empregada ou non:

INFORMACIÓN	FONTE DA INFORMACIÓN	TIPO DE FONTE	REPUTACIÓN DA FONTE	DATA DE PUBLICACIÓN E/OU ACTUALIZACIÓN	EXPERIENCIA DO AUTOR E/OU FONTE	PARCIALIDADE E/OU CARIZ DA FONTE	COTEXO DA INFORMACIÓN (con outras fontes)		É FIABLE A FONTE? POR QUE?
1									
2									
3									
4									
5									

Sempre que empregues unha fonte de información para realizar unha actividade ou traballo, lembra indicala engadindo unha das seguintes referencias:

- **Se é un libro:** autor (apelido e inicial separados por coma), data de publicación (entre parénteses), título (en cursiva ou negra —podes engadir o número de edición, entre parénteses—), lugar de publicación, editorial e, no seu caso, páxinas citadas.
- **Se é unha páxina web:** autor (apelido e inicial separados por coma), data de publicación da entrada web (entre parénteses), título do artigo, entrada ou post (en cursiva ou negra) e enlace que dirixa á páxina web.

9. ESCALA DE AUTOAVALIACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS


1	_____	<input type="text"/>
2	_____	<input type="text"/>
3	_____	<input type="text"/>
4	_____	<input type="text"/>
5	_____	<input type="text"/>
6	_____	<input type="text"/>
7	_____	<input type="text"/>
8	_____	<input type="text"/>
9	_____	<input type="text"/>
1	_____	<input type="text"/>

10. DIANA DE AUTOAVALIACIÓN DA ACTITUDE NA AULA

Le con atención cada un dos textos que aparecen arredor da diana da dereita e marca cunha cruz nas interseccións correspondentes, de acordo con este criterio:

1. Nunca.
2. Puntualmente.
3. Xeralmente.
4. Sempre.


A continuación, une as cruces; obterás un polígono similar ao que se mostra no exemplo inferior. Canto maior sexa a área do polígono, máis alta será a puntuación.



Empreguei unha linguaxe adecuada en todo momento, tanto verbal coma non verbal, coidando de non berrar nin de dar impresións equivocadas mediante a entoación, os xestos ou os movementos.

Participei activamente en clase, preguntando todas as dúbidas que me xurdiron e achegando ideas e opinións xustificadas, con criterio e respecto.

Aproveitei o tempo na aula, realizando as actividades indicadas polo profesor ou a profesora, e atendendo ás súas explicacións e ás dos meus compañeiros e compañeiras.



Respectei a quenda de palabra, tanto ao falar como ao escoitar os meus compañeiros e compañeiras, sempre con interese e valorando as súas achegas, e sendo capaz de aceptar comentarios e críticas construtivas.

Comporteime ben na aula, respectei os meus compañeiros e compañeiras, e contribuí a crear un ambiente adecuado para a convivencia do grupo.

Traballei de forma eficaz, mostrando motivación, iniciativa e creatividade no desenvolvemento das actividades e nas miñas achegas.

11. LIÑA DE EVOLUCIÓN PARA AVALIAR ACTIVIDADES DE COMPARACIÓN E CONTRASTE

Le con atención os textos que aparecen nas seguintes fases.



Despois de finalizar cada fase, responde ás seguintes preguntas en relación con ela:

- Que fixen?
- Como o fixen?
- Que é o que fixen mellor? Por que?
- Que é o que máis me custou? Por que?
- Que faría doutro modo (ou non faría)? Por que?
- Que é o que aprendín?
- Estou satisfeito co traballo realizado? Por que?
- Como podo aplicar o que aprendín a outros contextos?
- Como podo mellorar a próxima vez?

12. REXISTRO DE AVALIACIÓN DO TRABALLO COOPERATIVO

NOME:														DATA:
GRUPO:		4	3	2	1	4	3	2	1	4	3	2	1	REFLEXIÓN (debemos mellorar... porque...)
1	Respondín correctamente das responsabilidades do traballo asignado.													
2	Planifiquei previamente a realización do traballo asignado e cumprín coas actividades e tarefas encomendadas.													
3	Fun organizado no desenvolvemento tanto do traballo individual coma do grupal, cumprindo cos prazos establecidos e traballando de forma ordenada e limpa.													
4	Respectei e valorei as achegas das miñas compañeiras e compañeiros, motivándoos e axudándolles en todo o posible, e realizando críticas construtivas.													
5	Participei na toma de decisións do grupo, achegando solucións creativas e empregando material complementario.													
6	Trouxen o material necesario para a realización do traballo cooperativo.													
7	Independentemente dos resultados, esforceime e dei o mellor de min.													
8	Contribuí ao bo ambiente de grupo, coñecendo a importancia que isto ten para poder realizar ben o noso traballo.													
9	Cumprín cos obxectivos de equipo, acordados previamente.													
10	Reflexionei e elaborei unha conclusión sobre o traballo, desenvolvido de forma individual e polo grupo.													

13. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

	TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCCIÓN
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.	
DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.	
DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Atopa solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Atopa solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar a expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

14. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE NO GRUPO

	TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DE COMUNICACIÓN	A comunicación docente-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	A comunicación docente-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.	
	A comunicación docente-grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.	
DE INTERESE E MOTIVACIÓN	O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.	
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.	
DE ACTITUDE E COLABORACIÓN	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades grupais nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc., para minimizar esas actitudes.	

15. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: PLANIFICACIÓN

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		

16. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

17. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Propón actividades grupais e individuais.		

18. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

IX.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Cando o alumno/a teña a materia suspensa elaborárase e entregaráselle un caderno que reforce os contidos aptitudinais (esixíranse só os mínimos). Farase un seguimento do traballo realizado ao longo do trimestre así como asesoramento sobre o mesmo. Informarase do seguimento e resultado ás familias. No mes de maio, valorarase o traballo realizado ao longo dos tres trimestres (media aritmética) debendo conseguir o alumno/a un 5 para aprobar a materia.

X.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

O Departamento de Relixión realizará, a comezos de curso, unha avaliación inicial. Esta indicaranos que dificultades e potencialidades se preven nos grupos e niveis, que necesidades se presentan para poder minimizar as dificultades e prever e atender as necesidades individuais. Tamén nos indicará os recursos e estratexias que se manexarán para atender a esas necesidades e garantirlle a todo o alumnado o acceso aos contidos do currículo. Todo isto pensado para favorecer a diversidade e a inclusión.

Empregaremos un rexistro que recolla:

- ✓ N° de alumnos/as
- ✓ Funcionamento de grupo (clima de aula, nivel de disciplina, atención, motivación, intereses, ...)
- ✓ Fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- ✓ Necesidades.

XI.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión temos que solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa:

- Ao número de alumnos e alumnas.
- Ao funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Ás fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Ás necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- Ás fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Aos desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Aos aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Aos tipos de recursos que se precisan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

XII.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O presente documento mostra integrados os **contidos comúns-transversais** nos obxectivos, nos diferentes bloques de contidos e nos criterios de avaliación. Deste xeito, entendemos que, contidos como:

- ✓ Educación moral e cívica
- ✓ Educación ambiental
- ✓ Educación para a paz
- ✓ Educación para a saúde
- ✓ Educación vial
- ✓ Educación do consumidor
- ✓ Educación para a igualdade e a oportunidade de ambos sexos.
- ✓ Etc.

son obxectos de ensino-aprendizaxe a cuxo impulso deberemos contribuír.

Cando se conmemoran no IES datas sinaladas como poden ser o Día da Non Violencia e a Paz (30 de xaneiro), o Día dos Dereitos Humanos (10 de decembro), o Día internacional da Muller (8 de marzo), o Día do Libro (23 de abril), o Día das Letras Galegas (17 de maio), etc. traballamos ditos temas transversais.

Este ano o Departamento de Relixión participará no PLAN PROXECTA co programa “Donas de si”

Entendemos que a educación en valores na área de Relixión Católica é fundamental para atender ó desenvolvemento integral dos alumnos/as.

-De seguido, e de forma moi breve, presentamos como se incorpora a educación en valores na área de Relixión e Moral Católica.

Educación moral e cívica

- Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade.
- Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.
- Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.
- Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade.
- Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinação e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.
- Analizar as causas dos desequilibrios sociais e as actitudes que os cristiáns deben tomar ante eles.
- Valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.
- Colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

Educación para a paz

- Aceptarse como persoa, coas súas calidades e defectos, e adquirir actitudes de aceptación, respecto e tolerancia cara ás demais persoas.
- Coñecer o contido da Declaración dos Dereitos Humanos e analizar as súas esixencias.
- Coñecer o contexto cultural doutros pobos, valoralos e adquirir unha postura de respecto.
- Descubrir feitos nos que se respectan os dereitos humanos e feitos nos que se violan.
- Analizar posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón...
- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais.
- Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar os demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás.
- Coñecer a Doutrina Social da Igrexa ante os problemas que ameazan a paz mundial.

-Descubrir e valorar a historia criticamente desde unha perspectiva do tempo e das circunstancias daquela época.

-Adquirir unha actitude critica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.

-Recoñecer e valorar as iniciativas da Igrexa na construción da paz e identificar modelos de persoas construtoras de paz e chegar a valoralas.

Educación para a igualdade entre os sexos

-Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.

-Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.

-Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.

-Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.

-Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

-Aceptar indiscriminadamente as tarefas que toca realizar (prescindindo do xa establecido polo feito de ser home ou muller).

Educación para a saúde

-Descubrir todo aquilo que vai en contra da vida e da saúde.

-Apreciar, valorar e defender a vida humana e tomar actitudes de responsabilidade ante a súa propia vida e a dos demais.

-Descubrir todo aquilo que vai contra a vida humana: atentados, eutanasia, abortos, drogas... e adquirir un criterio responsable ante a vida.

-Valorar a Igrexa, as entidades e as persoas que defenden a vida humana.

-Descubrir e agradecer todo o positivo da vida.

-Coñecer entidades relixiosas e non relixiosas que se dedican con empeño ó coidado da saúde e valorar a súa misión.

Educación do consumidor

- Aprender a coidar e a colaborar cos bens da Creación para poñelos ó servizo de todas as persoas e os seres creados.
- Valorar os produtos de consumo con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.
- Descubrir e analizar a influencia que os medios de comunicación teñen sobre as persoas en relación coa sociedade de consumo e tomar unha postura crítica ó respecto.
- Analizar feitos que fan referencia á sociedade de consumo desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.
- Analizar a Doutrina Social da Igrexa como resposta ós problemas da sociedade: traballo, poder, guerra...

Educación ambiental

- Descubrir, apreciar e valorar os bens da natureza e colaborar na súa conservación.
- Rexeitar comportamentos sociais que permiten a deterioración da natureza e do ambiente.
- Reflexionar sobre cando se colabora co medio natural e cando non se colabora.
- Descubrir, apreciar e valorar a arte e todas as riquezas culturais que nos legaron e coidalas.
- Descubrir e valorar costumes, tradicións, lendas, a historia doutros grupos e pobos.

Educación sexual

- Descubrir o que encerra a sexualidade humana e valorala desde a faceta do amor.
- Recoñecer a importancia de valorar o corpo (o seu e o dos demais) e a sexualidade na súa xusta medida.
- Descubrir e analizar a influencia que os medios de comunicación exercen sobre o corpo e a sexualidade humana e tomar medidas ó respecto.
- Valorar criticamente a formación recibida respecto á sexualidade e descubrir a importancia dunha boa educación neste aspecto.
- Descubrir o matrimonio e a relación home-muller como complementariedade e riqueza desde o amor.

-Descubrir e valorar, a través das diferentes opcións de vida, o enfoque que as persoas lle dan á súa sexualidade (matrimonio, celibato...).

Educación vial

-Descubrir a importancia dunha educación vial para coidar e respectar vidas humanas.

-Tomar conciencia de que somos responsables da vida dos demais, de aí a importancia de cumprir as normas de circulación.

-Analizar os problemas que se dan na estrada e buscar unha resposta cristiá de respecto e valor pola vida.

-Coñecer a preocupación da Igrexa no apostolado da estrada.

Educación nas tecnoloxías da información

-Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.

-Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.

-Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

XIII.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .

Actividades complementarias:

-Xornada de solidariedade no Nadal.

-Celebración do Día dos Dereitos Humanos.

-Celebración do Día da Paz.

-Celebración do Día da Muller

-Lectura da prensa cando proceda segundo os cursos e comentario de libros.

-Participación en datas sinaladas colaborando con actividades organizadas por outros Departamentos que estean en relación cos obxectivos desta materia.

-Exposición de tarefas realizadas con murais ou carteis (aula, corredores, biblioteca,...)

-Actividades especiais nos tempos litúrxicos fortes de Nadal e Pascua.

Actividades Extraescolares:

Para coñecer o patrimonio cultural relixioso, tanto material como inmaterial de Galicia, o Departamento de Relixión Católica organizará tres saídas escolares ao longo do curso.

No primeiro trimestre o alumnado de Bacharelato visitará o Mosteiro de Oseira e a cidade de Ourense.

No terceiro trimestre organizarase unha saída para 1º e 2º ESO e outra para 3º e 4º ESO (a determinar no momento, en función dos intereses e necesidades do alumnado e do Departamento).

XIV.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A avaliación da programación e do traballo desenvolvido polo Departamento de Relixión levarase a cabo do seguinte xeito:

- Análise dos resultados obtidos nos distintos traballos, da participación e do grao de satisfacción do alumnado na realización destes traballos.
- Análise dos resultados obtidos nas distintas avaliacións.
- Cuestionario final que se lle pasará ao alumnado para valorar o grao de satisfacción en canto á metodoloxía utilizada, á validez da avaliación, etc.

Para recoller toda esta información deseñáronse unhas **rúbricas** que aparecen no apartado de avaliación.

Os resultados obtidos nos análises anteriores, así como o desenvolvemento de distintas actividades que non aparecen expresamente recollidas na programación, recolleranse na memoria final, na que aparecerá tamén todo aquilo que sexa necesario mellorar.

XV.- PLAN LECTOR

O Departamento de Relixión presenta o seguinte plan lector anual para a súa materia:

➤ Ademais das lecturas diarias dos manuais da materia (textos bíblicos e evanxélicos e textos baseados en valores humanos) propoñemos para o presente curso, as seguintes lecturas:

- **“Los mejores relatos bíblicos”** de Montse Viladevall y Toni LLacay para o alumnado de 1º da ESO, xa que nos permite seleccionar relatos do A T. para ler na clase e ademais están adaptados para neno/as da súa idade.
- **“Pequeñas historias bíblicas”** de José Mª Olaizábal para o alumnado de 2º ESO.
- **“26 cuentos para pensar”** de Jorge Bucay para o alumnado de 3º e 4º da ESO. Trátase dun libro formado por 26 contos que, como o seu propio nome indica, nos serve para reflexionar sobre actitudes da vida cotiá.
- **Encíclicas, Concilios** e outros documentos da Igrexa para o alumnado de Bacharelato.

XV.- PLAN TICs.

O Departamento de Relixión presenta o seguinte plan TICs para a súa materia:

➤ Unha vez ao trimestre proxectamos un filme relacionado coa temática que estamos a impartir, posteriormente o alumnado elabora unha ficha didáctica sobre dita película e para iso precisa buscar información en distintos medios (internet, enciclopedias, libros, revistas, xornais, etc.) e finalmente realizamos un video-forum.

➤ Cando se conmemoran no IES datas sinaladas como poden ser o Día da Non Violencia e a Paz (30 de xaneiro), o Día dos Dereitos Humanos (10 de decembro), o Día internacional da Muller (8 de marzo), o Día do Libro (23 de abril), o Día das Letras Galegas (17 de maio), etc. traballamos ditos temas transversais empregando distintos recursos:

- Buscamos información en internet, facemos unha pequena selección e logo facemos un traballo que normalmente expoñemos na clase.
- Realizamos unha web-quest elixida pola profesora, sobre o tema que se está a conmemorar.

- Traballamos con algunha noticia dun xornal, etc.
- Realizamos actividades feitas pola profesora co programa Hot Potatoes.
- Facemos actividades dos programas Jclic e Clic 3.0.
- Empregamos presentacións en Powerpoint para a exposición de determinadas unidades didácticas: a Biblia, os libros do A T., os xéneros literarios da Biblia, as relixións do mundo, etc.

XVI.- PLAN DE CONVIVENCIA.

O Departamento de Relixión Católica traballa diariamente para a mellora da convivencia no centro seguindo tres pautas:

1. Establecendo os criterios morais universais para derivar deles actitudes de tolerancia, respecto e non discriminación.
2. Insistindo especialmente nos valores cristiáns de: amor, caridade, irmandade, unión, comunidade, perdón, solidariedade, comprensión, universalidade, etc como aporte cristián a unha cultura universal da igualdade.
3. Foméntase en todo momento o respecto aos dereitos e deberes individuais e colectivos mediante a coherencia persoal, facendo chegar estes valores ao alumnado en calquera lugar onde se encontre: aula, corredor, patio, ...

Ao longo deste curso desenvolveranse, nos distintos niveis, unha serie de actividades que englobamos dentro dun bloque titulado “Navegando polo mar da convivencia”.

Durante o ano académico proxectaranse distintas películas e documentais, realizaranse diferentes exposicións e traballarase nas distintas unidades didácticas contidos que fomenten a convivencia.

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
1º ESO

Obxectivos xerais da área de Relixión Católica para 1.º de Educación Secundaria:

1. Coñecer e comparar criticamente as relixións da antigüidade coa realidade, co cristianismo e cos seus principais valores e virtudes.
2. Investigar e interpretar correctamente o sentido relixioso e cristián sobre a creación e a moral católica do medio.
3. Describir e valorar as características da Historia da Salvación e como Deus se revela e intervén na historia da humanidade.
4. Comprender e indicar os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret, a súa mensaxe de salvación e os seus milagres, así como a súa centralidade na Historia da Salvación.
5. Coñecer e enumerar as principais características dos Evanxeos, a moral de Xesús de Nazaret e a moral cristiá.
6. Expresar e valorar as características da resurrección de Xesucristo en relación cos Evanxeos, a Historia da Salvación e as investigacións actuais sobre a vida despois da morte.
7. Investigar e describir as características do sacramento do Bautismo en relación con Xesucristo e a súa presenza na Igrexa.
8. Coñecer e expresar as características do sacramento da Eucaristía en relación con Xesucristo e a súa presenza na Igrexa e na misa.
9. Recoñecer e valorar as características da Confirmación e a presenza do Espírito Santo neste sacramento e na vida da Igrexa.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio da reflexión e da interiorización das experiencias espirituais do patriarca Xosé: a natureza, o autocoñecemento, a contemplación e a reflexión sobre feitos da vida diaria.
11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de relixiosidade, loanza, alegría, resurrección, oración, sacrificio, fortaleza e desexo de Deus.
12. Tomar conciencia da importancia de clarificar, elixir e practicar os valores do hinduísmo e o cristianismo, as benaventuranzas, os Dez Mandamentos, a humanización, a confianza, a fraternidade, a esperanza, o compartir e a autenticidade.

UNIDADE 1

Título

Relixión, realidade e valores

Descrición da unidade

A unidade ofrece unha aproximación ás relixións da Antigüidade, en relación coa historia e como resposta ás necesidades espirituais dos seres humanos. Por medio dos mitos aprendemos bos valores e modos de relacionarse coa divindade. Preséntase como o Deus único da Biblia actúa a través dos acontecementos e persoas. Révísanse e compáranse os valores do hinduísmo e do cristianismo.

Temporalización: catro sesións (2ª quincena de setembro e 1ª quincena de outubro).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valorar as principais características das relixións e a súa estreita relación coa historia da humanidade.
Nesta unidade preséntanos á persoa humana desde a súa relación con Deus: é unha criatura de Deus, libre e intelixente; o ser máis complexo de toda a Creación por ser creado a imaxe e semellanza de Deus e pola súa diversidade de necesidades e dimensións orixinais: o seu corpo, intelixencia, afectividade, individualidade, sociabilidade e espiritualidade. A Biblia ofrécenos claros exemplos do sentido relixioso que o ser humano experimenta, e que o leva a integrarse nunha relixión para relacionarse e unirse ao seu Creador. Preténdese unha autovaloración das propias dimensións con vistas a mellorar no crecemento integral como persoa.

Temporalización: catro sesións (2ª quincena de setembro e 1ª quincena de outubro)

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Recoñecer a persoa humana como criatura de Deus, libre e intelixente.
2. Valorar as principais características e dignidade do ser humano, desde a perspectiva cristiá, en relación con Deus e a relixión.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «Abraham e Isaac».
4. Coñecer e percibir as dimensións fundamentais do ser humano, presentes na Biblia, e o sentimento espiritual.
5. Descubrir, no nivel persoal, o grao de desenvolvemento dos principais valores e virtudes que configuran as dimensións fundamentais.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Grao máximo de consecución de cada estándar de aprendizaxe: 100%

Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe: 50%

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliac.	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	--------------	-----------------	----

<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano é creado por Deus, libre e intelixente e á súa imaxe e semellanza. - A persoa é un ser relixioso: a relixiosidade. - O relato bíblico «Abraham e Isaac». - A espiritualidade e a persoa na Biblia; o sentimento espiritual. - Dimensións e valores da persoa. 	<p>BLOQUE I.</p> <p>1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais.</p>	<p>1.1. Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.</p>	20%	Expres. Oral Portfolio	CCL, CAA, CSC, CCEC
	<p>BLOQUE I.</p> <p>2. Relacionar a condición de criatura coa orixe divina.</p>	<p>2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.</p>	20%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	<p>BLOQUE I.</p> <p>3. Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «Abraham e Isaac».</p>	<p>3.1. Escribe o argumento do relato bíblico «Abraham e Isaac».</p> <p>3.2. Expresa as ensinanzas deste relato para a vida persoal.</p>	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
			10%	Expres. oral	
	<p>BLOQUE I.</p> <p>4. Recoñecer expresións simbólicas bíblicas sobre as dimensións persoais, en especial a espiritual.</p>	<p>4.1. Investiga, coa Biblia, sobre as dimensións humanas.</p> <p>4.2. Valora o sentimento espiritual por medio de mándaas.</p>	10%	Trabal. Indiv.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
			20%	Portfolio	
<p>BLOQUE I.</p> <p>5. Tomar conciencia dos valores e virtudes fundamentais que permiten un desenvolvemento de forma integral.</p>	<p>5.1. Selecciona as dimensións e os valores que debe desenvolver máis para medrar de forma integral.</p>	10%	Portfolio	CCL, CAA, CSC, CCEC	

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita e comprende o mito e o relato bíblico da unidade.

	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Relaciona os diversos contidos da unidade.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Consulta e investiga en Internet para a elaboración de actividades.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Selecciona valores necesarios para a sociedade actual.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	- Participa de forma responsable no traballo de parella e de pequeno grupo.
<i>Cultural e artística.</i>	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	- Expressa os seus sentimentos por medio da creación de mandalas.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a achega das relixións na vida das persoas e pobos.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral.</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Comprender o xeito cristián de ver a vida.	- Valora o ser humano desde a perspectiva cristiá.

UNIDADE 2

Título

Dignidade e vida cristiá

Descrición da unidade

Esta unidade pretende mostrar como o ser humano necesita, para construír o seu propio proxecto de vida persoal, modelos humanizadores que ensinen valores e virtudes, defendan a dignidade

humana, lle dean sentido humano e relixioso á vida, promovan a felicidade... Neste sentido, a vida cristiá axúdanos a medrar en humanidade. O relato evanxélico sobre os talentos ensinaranos a aproveitar as nosas capacidades e a desenvolver o sentimento de dignidade humana.

Temporalización: catro sesións (2ª quincena de outubro e 1ª quincena de novembro).

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Descubrir o fundamento da dignidade do ser humano como criatura de Deus.
2. Coñecer as principais características do proxecto de vida cristiá.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «A parábola dos talentos».
4. Valorar e experimentar a importancia de aproveitar ben o tempo e o sentimento de dignidade persoal.
5. Descubrir e enumerar os diversos valores presentes en diversos proxectos de vida.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliác.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O fundamento da dignidade da persoa. - Características do proxecto persoal de vida cristiá e os principais modelos de vida para o cristián. - O relato bíblico «A parábola dos talentos». - O valor do tempo na Biblia e o sentimento de dignidade. - Os proxectos de vida e os seus valores. 	BLOQUE I. 1. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus.	1.1. Valora, en situacións do seu contorno, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.	20%	Expres. Oral Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 2. Sintetizar que é o proxecto de vida cristiá.	2.1. Define que son o proxecto persoal de vida e o proxecto de vida cristiá. 2.2. Describe a Xesús de Nazaret e a	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

		Virxe María como os principais modelos de vida cristiá.	10%	Portfolioi	
	BLOQUE I. 3. Expresar o argumento, a interpretación e a ensinanza principal do relato bíblico «A parábola dos talentos».	3.1. Extrae as principais ensinanzas do relato bíblico «A parábola dos talentos». 3.2. Enumera comportamentos que debería realizar cada día para desenvolver as súas capacidades.	10% 10%	Expres. oral Portfolio	CCL, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 4. Saber aproveitar ben o tempo e valorar a propia dignidade e a dos demais.	4.1. Describe como investir o tempo para mellorar aspectos da vida persoal. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre a dignidade humana.	10% 20%	Expres. oral Trabal indiv.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 5. Reflexionar sobre os proxectos e valores persoais.	5.1. Expón algunhas ensinanzas para desenvolver un verdadeiro proxecto persoal de vida.	10%	Expres. oral	CCL, CAA, CSC, CSIEE

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRIPTORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos, o relato e as citas bíblicas da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- expresa os seus sentimentos sobre o tema específico.

<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Participa nun cine-fórum.
<i>Aprender a aprender</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	- Fai valoracións sobre a dignidade do ser humano.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Interioriza valores que humanizan as persoas.
<i>Autonomía e iniciativa persoal</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	- Realiza as súas tarefas aproveitando os tempos.
<i>Cultural e artística</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Medita e reflexiona sobre a dignidade humana a partir do visionado dunha película.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga o fundamento bíblico da dignidade humana.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento dun proxecto persoal de vida.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Valorar os principais modelos de vida cristiá.	- Descubre a Xesús de Nazaret e a Virxe María como os principais modelos de vida cristiá.

UNIDADE 3

Título

Acción humana e moral católica

Descrición da unidade

A unidade presenta como Deus require nosa colaboración no seu plan creador: por medio das nosas accións estamos a participar dunha forma positiva ou negativa no desingnio de Deus. O

cristián, desde o exercicio da súa liberdade e o seu compromiso con Deus, cos demais e coa Terra, debe comportarse practicando boas accións e a moral cristiá. O desenvolvemento dunha espiritualidade, similar á de María, e o sentimento de empatía cara aos demais, darannos impulso para adquirir unha moral católica que nos faga sensibles aos problemas do noso mundo.

Temporalización: catro sesións (2ª quincena de novembro e 1ª quincena de decembro).

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Concibir o ser humano como colaborador da Creación de Deus.
2. Descubrir as características e os aspectos máis orixinais da moral católica.
3. Comprender e interpretar correctamente o relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».
4. Sensibilizarse coa espiritualidade da Virxe María e o sentimento de empatía.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor da liberdade.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliac.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Ser humano colaborador da creación de Deus. - Características da ética universal e a moral católica. - O relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora». - A espiritualidade de María de Nazaret e o sentimento de 	BLOQUE I. 1. Entender o sentido e a finalidade da acción humana.	1.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a Creación. 1.2. Deseña, en pequeno grupo, un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúen polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.	10% 20%	Portfolio Trabal. Cooper.	CCL, CAA, CSC, CSIEE

empatía. - O valor da liberdade.	BLOQUE I. 2. Distinguir o fundamental e o máis orixinal da moral católica.	2.1. Expresa a diferenza e complementariedade entre a ética universal e a moral cristiá. 2.2. Resume o fundamental e o máis orixinal da moral católica.	10% 10%	Portfolio Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 3. Interpretar o relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora» e algunhas das ensinanzas morais.	3.1. Indica o argumento, as claves de interpretación e algunhas ensinanzas morais que se poden extraer do relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 4. Dialogar sobre a espiritualidade cristiá e reflexionar sobre o sentimento de empatía.	4.1. Participa nun debate sobre a espiritualidade cristiá a partir do modelo de María de Nazaret. 4.2. Autoavalía, a partir dunhas claves de interpretación, o grao persoal de empatía.	10% 10%	Expres. oral Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 5. Descubrir e valorar a verdadeira liberdade humana.	5.1. Busca solucións, desde o exercicio da liberdade, a un dilema moral.	20%	Expres. oral	CCL, CAA, CSC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os diversos apartados e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e	- Relaciona os diversos contidos da unidade.

	gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	
<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e ensinanzas dunha película.
<i>Aprender a aprender</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	- Deseña un plan de colaboración no seu centro educativo.
<i>Autonomía e iniciativa persoal</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	- Participa de forma responsable no traballo de grupo.
<i>Cultural e artística.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Manifesta interese pola escenografía e ambientación dunha película.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Interpreta a moral de Xesús de Nazaret como modelo de acción persoal.
<i>Competencia humanizadora e ético- moral</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns, como o da verdadeira liberdade.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Comprender o xeito cristián de ver a vida.	- Valora o sentido e finalidade da moral católica como acto de colaboración no plan de Deus.

UNIDADE 4

Título

Revelación e relación con Deus

Descrición da unidade

Esta unidade ensínanos que a persoa crente acepta a revelación e a amizade de Deus, e relaciónase con El por medio da súa fe e a oración. Xesucristo é o cumio da revelación de Deus,

que se manifesta na historia do ser humano, na nosa historia persoal; de aí que valoremos a importancia da oración para poder relacionarnos con Deus.

Temporalización: catro sesións (3ª semana de decembro e 3 semanas de xaneiro).

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer os principais acontecementos, personaxes e revelacións de Deus na Historia da Salvación.
2. Descubrir como o cristián pode relacionarse con Deus.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael».
4. Reflexionar de forma persoal sobre a súa espiritualidade e a relación con Deus.
5. Recoñecer o valor que ten para o cristián a oración.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliac.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Deus revélase na historia. - O cristián relaciónase con Deus e acepta a súa revelación. - O relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael». - O sentimento de reflexión persoal e a espiritualidade de relacionarse con Deus. - O valor da oración. 	BLOQUE II. 1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia.	1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE II. 2. Describir pautas para relacionarse con Deus.	2.1. Describe como se relaciona o cristián con Deus.	10%	Expres. oral	CCL, CAA
	BLOQUE II. 4. Resumir o relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael» e algunhas das ensinanzas que se poden extraer e	3.1. Escribe o argumento, a imaxe de Deus presente no texto e as ensinanzas do relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael».	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

	aplicar hoxe.	3.2. Investiga a biografía e a resposta de fe de dúas mulleres da Biblia.	20%	Trabal. Indiv.	
	BLOQUE II. 4. Reflexionar e aprender a relacionarse con Deus.	4.1. Participa nun cine-fórum para aprender a relacionarse con Deus. 4.2. Indaga por medio dun cuestionario a súa actual relación con Deus.	20% 10%	Trabal. Indiv. Video Forum Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE II. 5. Descubrir e aprender o valor da oración.	5.1. Participa nun disco-fórum sobre o valor da oración.	20%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita e comprende os textos, contidos e o relato bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Expón un traballo e escoita con respecto as preguntas e opinións sobre este.
<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.	- Selecciona e emprega recursos tecnolóxicos para a elaboración de traballos.
<i>Aprender a aprender</i>	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	- Realiza actividades de autoavaliación.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	- Descubre o valor cristián da oración.
<i>Autonomía e iniciativa persoal</i>	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos aprendidos.

<i>Cultural e artística.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	- Presenta traballos de investigación de forma creativa.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Mostra interese polos personaxes significativos do pobo de Israel.
<i>Competencia humanizadora e ético- moral</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Recoñecer e aceptar a revelación de Deus.	- Descubre que nos podemos relacionar con Deus.

UNIDADE 5

Título

Revelación e fe cristiá

Descrición da unidade

Esta unidade introdúcenos na fe cristiá como resposta ao Deus que se revela na historia para ofrecer a súa amizade, o seu amor e a súa salvación ás persoas. A fe cristiá baséase na existencia histórica de Xesús de Nazaret. Pretendemos desenvolver a espiritualidade e os valores da fe cristiá: as virtudes teolóxicas e cardinais.

Temporalización: 4 sesións (mes de febreiro).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Concibir a fe como resposta á iniciativa salvífica de Deus.
2. Valorar a importancia da fe cristiá para superar as dificultades da vida e atopar a verdadeira felicidade e a salvación.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».
4. Dialogar sobre o don cristián da fe e aprender a escoitar.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social os principais valores e virtudes da fe cristiá.

➤ CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliác.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A aceptación da revelación: a fe. - A orixinalidade da fe cristiá. - O relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo». - O don da fe e o sentimento de escoitar. - Os valores da fe cristiá. 	BLOQUE II. 1. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus.	1.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.	10%	Observ.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 2. Expresar a orixinalidade da fe cristiá.	2.1. Identifica a fe cristiá como a fe antropolóxica máis completa e verdadeira. 2.2. Expón as súas investigacións bíblicas sobre a fe.	10% 10%	Portfolio Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 3. Expoñer algunhas das principais ensinanzas que se poden extraer do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».	3.1. Enumera actitudes e comportamentos que facilitan ou impiden a fe. 3.2. Expresa algunha das ensinanzas que se poden extraer para a vida actual do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».	10% 20%	Expres. oral Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 4. Dialogar sobre a fe e expresar vivencias sobre o sentimento de escoitar.	4.1. Participa nun debate sobre o don da fe formulado nun disco-fórum. 4.2. Escoita e respecta os sentimentos dos demais.	20% 10%	Expres. oral Observ.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE
	BLOQUE II. 5. Expresar os valores e virtudes da fe cristiá.	5.1. Participa nun cine-fórum sobre os valores da fe.	20%	Cine forum	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

➤ COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita e comprende os relatos e o texto bíblico da

		unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e ensinanzas de cancións e películas.
<i>Aprender a aprender</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Realiza un traballo de equipo e expón os resultados á clase.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	- Escoitar en silencio e respectar os sentimentos dos demais.
<i>Autonomía e iniciativa persoal</i>	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos aprendidos.
<i>Cultural e artística.</i>	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	- Elabora un diario con sentimentos profundos.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Expresa a orixinalidade da fe cristiá.
<i>Competencia humanizadora e ético- moral</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes presentes na fe cristiá.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Recoñecer a intervención de Deus na historia.	- Confía en Xesús como aquel que é experto en Deus.

UNIDADE 6

Título

Como interpretar a Biblia?

Descrición da unidade

Nesta unidade introducímonos no coñecemento da Biblia. Nela nárrese a historia de comunicación, amor e salvación que Deus nos revela. Coñecela mellor implica o estudo da súa orixe, composición e interpretación dos Libros Sagrados, así como a reflexión e interiorización do misterio que contén. A aplicación da *lectio divina* achegaranos máis á mensaxe que Deus nos propón para a nosa historia persoal.

Temporalización: 4 sesións (mes de marzo).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Comprender as principais características xerais da Biblia.
2. Identificar os principais criterios que propón a Igrexa católica para interpretar a Biblia.
3. Interpretar, segundo os criterios que propón a Igrexa católica, o relato bíblico de «A historia de Xonás».
4. Experimentar a *lectio divina* e expresar o sentimento de comunicarse.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor da amizade.

➤ CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliác.	CC
- Características xerais e clasificación dos libros da Biblia. - Orixe, composición e interpretación dos Libros Sagrados. - O relato bíblico «A historia de Xonás». - A <i>Lectio Divina</i> e o sentimento de	BLOQUE II. 1. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia.	1.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.	20%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE II. 2. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa en torno á interpretación bíblica.	2.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>dei verbum</i> en torno á interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.	20%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC

comunicarse. - O valor da amizade.	BLOQUE II. 3. Interpretar o relato «A historia de Xonás», seguindo os criterios católicos..	3.1. Expón a interpretación e as ensinanzas do relato «A historia de Xonás».	10%	Expres. oral	CCL, CAA
	BLOQUE II. 4. Descubrir os bos sentimentos que produce dialogar con Deus por medio da Biblia. 5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico.	4.1. Segue unhas pautas e practica a <i>lectio divina</i> . 5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.	10% 20%	Observ. Trabal Cooper.	CCL, CAA, CSC, SIEP
	BLOQUE II. 6. Describir valores e calidades da verdadeira amizade.	6.1. Participa nun debate sobre os valores e calidades da amizade.	20%	Expres. oral	CCL, CAA, CSC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos, experiencias e o relato bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.	- Describe as aprendizaxes realizadas tras unha investigación.
<i>Aprender a aprender</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Realiza actividades seguindo unhas pautas dadas.

	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Participa na resolución de actividades e no desenvolvemento de diálogos e debates.
<i>Autonomía e iniciativa persoal</i>	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos aprendidos.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a importancia da Biblia como a Palavra de Deus.
<i>Competencia humanizadora e ético- moral</i>	Tomar conciencia de como a fe cristiá dá resposta ás interrogantes do ser humano.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como o da amizade.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Comprender o valor cristián da Biblia para a persoa humana.	- Expón para que lle serviu coñecer a vida a nivel persoal.

UNIDADE 7

Título

O Deus cristián

Descrición da unidade

Esta unidade pretende mostrar que o Deus que se revela en Xesucristo é un Deus un e trino, un Deus persoal que ama, axuda e se relaciona con cada persoa. Tamén presenta a orixinalidade do Deus cristián comparándoo con outras relixións. Concluiremos mostrando que a fe no Deus cristián axuda a valorar a propia identidade como persoa e fillo de Deus.

Temporalización: 4 sesións (mes de abril).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer as principais verdades da fe cristiá sobre a Santísima Trindade.
2. Comparar a orixinalidade do Deus trino do cristianismo coa experiencia de Deus noutras

- relixións, especialmente con respecto ao xudaísmo e ao islamismo.
3. Apreciar os valores morais e relixiosos que se poden extraer do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».
 4. Desenvolver a espiritualidade e o sentimento cristián interiorizando as calidades do Deus un e trino na súa personalidade.
 5. Descubrir e aplicar na vida persoal e social o valor da identidade persoal.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliác.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Xesucristo revela a Deus como Trindade. - Orixinalidade do Deus cristián. - O relato bíblico «A parábola do fillo pródigo». - Calidades de Deus un e trino e o sentimento cristián. - O valor da fraternidade. 	BLOQUE III. 1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da divindade na revelación de Xesús.	1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián. 1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.	10% 10%	Portfolio Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, SIEP, CCEC
	BLOQUE III. 2. Descubrir a orixinalidade do Deus cristián respecto ás outras relixións monoteístas.	2.1. Compara a orixinalidade do Deus trino do cristianismo coa experiencia de Deus noutras relixións.	10%	Portfolio	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Describir o argumento, claves de interpretación e ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».	3.1. Explica o argumento e ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo». 3.2. Analiza e extrae conclusións dun vídeo sobre a relación con Deus.	10% 10%	Expres. oral Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 4. Desenvolve a espiritualidade a partir dos atributos de	4.1. Investiga na Biblia sobre os atributos do Deus cristián. 4.2. Interioriza atributos de Deus e	10%	Trabal. Indiv. Reflex. Indiv.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

	Deus e experimenta o sentimento do amor cristián.	desenvolve a espiritualidade. 4.3. Participa nun disco-fórum sobre o sentimento cristián.	10% 10%	Expres. oral	
	BLOQUE III. 5. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana. 6. Comprender o valor da identidade persoal.	5.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita o outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus. 6.1. Participa nun cine-fórum sobre Xesús, como o maior exemplo de identidade persoal.	10% 10%	Expres. Oral Video Forum Trabal. Indiv.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Emprega os conceptos e o vocabulario do tema nas súas exposicións orais e escritas.
<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Selecciona material e ideas necesarias para o traballo de clase, individual, por parella e grupal.
<i>Aprender a aprender</i>	Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.	- Mostra interese polo uso dos recursos propios da unidade.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Participa na resolución de actividades e no desenvolvemento de diálogos e debates.
<i>Autonomía e iniciativa</i>	Mostrar iniciativa persoal para	- Experimenta unha actitude

<i>persoal</i>	comezar ou promover accións novas.	positiva derivada da interiorización dos contidos aprendidos.
<i>Cultural e artística.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Manifesta o seu criterio polas expresións musicais e cinematográficas da unidade.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga sobre os atributos do Deus cristián.
<i>Competencia humanizadora e ético- moral</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realizan na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como o da identidade persoal, tomando como modelo a Xesús de Nazaret.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Comprender a orixinalidade do Deus un e trino.	- Expresa o misterio da Santísima Trindade e a súa orixinalidade.

UNIDADE 8

Título

Fe, Credo e vida eterna

Descrición da unidade

A unidade introduce no coñecemento do Credo, como síntese da acción salvífica de Deus na historia; e nas verdades que contén sobre a escatoloxía cristiá. Os relatos bíblicos sobre a vida eterna han de conducir a que experimenten o sentimento de recollemento e paz interior. Para iso propónse o valor de cambiar e empezar unha nova vida, con novos e mellores valores, actitudes, sentimentos...

Temporalización: 4 sesións (mes de maio).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Concibir o Credo como síntese da acción salvífica de Deus na historia.
2. Interpretar correctamente as principais verdades de fe sobre a vida eterna.
3. Comprender o significado e simboloxía do relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».
4. Coñecer e meditar os textos bíblicos sobre a vida eterna desde o sentimento de recollemento.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor de compartir.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliac.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O Credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia. - Características e verdades de fe da escatoloxía cristiá. - O relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo». - Os textos bíblicos sobre a vida eterna e o sentimento de recollemento. - O valor de cambiar. 	BLOQUE III. 1. Descubrir o carácter histórico da formulación do Credo cristián. 2. Recoñecer as verdades da fe cristiá presentes no Credo.	1.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relacións coas verdades de fe formuladas no Credo. 2.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	10% 10%	Portfolio Portfolio	CCL CD CAA CSC CCEC
	BLOQUE III. 3. Resumir as principais verdades da fe cristiá sobre a vida eterna.	3.1. Define o que é a escatoloxía cristiá e as verdades de fe da resurrección, o ceo e o inferno.	10%	Portfolio	CCL CD CAA CSC
	BLOQUE III. 4. Comprender o significado e as claves necesarias para interpretar correctamente o relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».	4.1. Describe o significado e principal ensinanza do relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».	10%	Expres. oral	CCL CD CAA CSC CCEC
	BLOQUE III. 5. Reflexionar sobre a vida eterna desde o sentimento de recollemento.	5.1. Investiga coa Biblia e extrae conclusións sobre a vida eterna. 5.2. Dialoga sobre o sentimento de recollemento e paz interior.	20% 20%	Trabal. Indiv. Expres. oral	CCL CD CAA CSC CSIEE
	BLOQUE III. 6. Concienciarse sobre o valor da conversión cristiá.	6.1. Participa nun cine-fórum sobre o valor e a experiencia de cambiar de vida.	20%	Video Forum Trabal. Indiv.	CCL CD CAA CSC CCEC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos e os relatos bíblicos da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Emprega o vocabulario específico da unidade nas súas expresións orais e escritas.
<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e ensinanzas de materiais audiovisuais.
<i>Aprender a aprender</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Investiga e expresa de forma clara e concisa os contidos aprendidos.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Interioriza a importancia do valor e a necesidade de cambiar.
<i>Autonomía e iniciativa persoal</i>	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.	- Selecciona con criterio propio para o bo termo das cuestións formuladas.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga o Credo e a escatoloxía cristiá.
<i>Competencia humanizadora e ético- moral</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Valorar a acción salvífica de Deus na historia expresada no Credo cristián.	- Clasifica e expresa o significado do Credo.

UNIDADE 9

Título

A Igrexa católica

Descrición da unidade

A unidade presenta os contidos e claves para comprender as características e expansión da Igrexa católica a partir de Xesucristo, o seu fundador. Descubriremos como, desde a misión que o propio Cristo lle encomendou á Igrexa, debemos vivir e potenciar en nós os valores da sociabilidade e a solidariedade, como parte da identidade do bautizado.

Temporalización: 4 sesións (mes de xuño).

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Relacionar a Xesucristo como fundador da Igrexa e da súa actividade misioneira.
2. Identificar o misterio e as principais características da Igrexa católica.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».
4. Desenvolver e expresar o sentimento e o valor da sociabilidade a partir dunha canción relixiosa.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor da solidariedade.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliác.	CC
- Expansión da igrexa, as primeiras comunidades. - As notas da Igrexa. - O relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña». - Espiritualidade do canto relixioso e sociabilidade. - O valor da solidariedade.	BLOQUE IV. 1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás.	1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características. 1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	10% 10%	Portfolio Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e	2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidade da Igrexa. 2.2. Elabora materiais, utilizando as	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC

	apostólica.	Tecnoloxías da Información e a Comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.	20%	Trabal. Im;ndiv.	
	BLOQUE IV. 3. Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña». 3.2. Investiga coa Biblia sobre a misión da Igrexa.	10% 10%	Portfolio Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 4. Desenvolver o sentimento de espiritualidade por medio dunha canción relixiosa e de sociabilidade.	4.1. Participa nun disco-fórum sobre o tema «Pescador de homes». 4.2. Avalía e reflexiona sobre o seu grao de sociabilidade e convivencia.	10% 10%	Expres. oral Reflex. Indiv. Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE
	BLOQUE IV. 5. Experimentar o valor da solidariedade.	5.1. Analiza, toma conciencia e aplica o valor da solidariedade.	10%	Reflex. Indiv. Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoitaa, le e comprende os contidos e os textos bíblicos da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa en debates e diálogos respectando as normas de comunicación.
<i>Tratamento da información e competencia dixital</i>	Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.	- Elabora materiais, utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, sobre os contidos da unidade.
<i>Aprender a aprender</i>	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	- Reflexiona e avalía a partir dun cuestionario de aplicación persoal.

	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Interioriza valores como a sociabilidade e a solidariedade.
<i>Autonomía e iniciativa persoal</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Participa na resolución de actividades e no desenvolvemento de diálogos e debates.
<i>Cultural e artística</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Valora a achega do cristianismo desde as súas orixes misioneras.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga sobre as notas da Igrexa.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Cultural e histórica</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Recoñece a importancia do patrimonio artístico, cultural e histórico da Igrexa.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e no acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
4º ESO

Obxectivos xerais da área de Relixión Católica para 4.º de Educación Secundaria:

1. Identificar e comparar criticamente desde as competencias clave as características das relixións universais na historia e a vida cotiá.
2. Coñecer e valorar correctamente as características e achegas da experiencia relixiosa e a revelación de Deus á persoa e á sociedade actual.
3. Investigar e aplicar as ensinanzas e a relación entre Deus e a historia da Igrexa desde a Idade Moderna ata a Idade Contemporánea.
4. Fundamentar correctamente a relación existente entre Xesucristo, o Mesías, e a moral católica da vida pública no mundo contemporáneo.
5. Coñecer e valorar positivamente a relación existente entre Xesucristo, a Igrexa e a súa misión salvadora e humanizadora de felicidade para a persoa e a sociedade.
6. Comprender e aplicar as características do sacramento do Matrimonio en relación coa Igrexa, a vida persoal e a sociedade actual.
7. Expresar e explicar as características, achegas actuais, aplicacións e relacións existentes entre a fe cristiá e a moral cristiá da sexualidade.
8. Identificar e aplicar a situacións actuais as características da autoridade e a verdade na Biblia e na Igrexa.
9. Coñecer desde as competencias clave as achegas dos cristiáns para construír a civilización do amor no mundo actual, e tomar conciencia delas.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio das competencias clave, a reflexión e interiorización de experiencias para o desenvolvemento da paz, a actitude relixiosa, o agradecemento, a práctica da fe cristiá, a comunicación con Xesús, a poesía amorosa, a afectividade, a verdade e a espiritualidade ecolóxica.
11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de busca de sentido, éxtase relixiosa, aproveitamento do tempo, entrega persoal, namoramento, sinceridade, eternidade e salvar o matrimonio.
12. Tomar conciencia da importancia de interiorizar e practicar os valores do diálogo, fidelidade, compromiso social, crítica moral, coherencia persoal e cristiá, amor, verdade, seguir un bo mestre e cambiar o mundo.

UNIDADE 1

Título

Relixións universais

Descrición da unidade

Esta unidade formúlanos como as relixións ofrecen respostas ás interrogantes profundas e camiños para atoparlle o sentido definitivo da vida, á felicidade e á salvación. Preséntase a universalidade como o valor e comportamento moral de tratar os demais seres humanos como se fosen irmáns; a importancia da paz en todas as relixións e a busca permanente de sentido. Deste modo valórase a eficacia do diálogo.

Temporalización: 4 sesións (2ª quincena de setembro e 1ª quincena de outubro).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer e valorar a vida, a busca e as ensinanzas de Buda.
2. Comparar as principais características do hinduísmo, budismo, xudaísmo, cristianismo e islamismo e as diversas respostas que dan para atopar o sentido da vida.
3. Investigar os valores que se propoñen no relato bíblico «Rut, a estranxeira».
4. Meditar sobre a espiritualidade da paz e o sentimento de busca de sentido.
5. Descubrir e expresar o valor do diálogo.

➤ CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Grao máximo de consecución de cada estándar de aprendizaxe: 100%

Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe: 50%

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliac.	CC

<ul style="list-style-type: none"> - O desexo de atoparse con Deus. - As relixións: busca do sentido da vida. - O relato bíblico «Rut, a estranxeira». - A espiritualidade da paz interior e o sentimento de busca de sentido. - O valor do diálogo. 	<p>BLOQUE I.</p> <p>1. Resumir a vida e as ensinanzas de Buda.</p>	<p>1.1. Redacta datos sobre a vida e as ensinanzas de Buda.</p>	20%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	<p>BLOQUE I.</p> <p>2. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.</p>	<p>2.1. Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) das relixións monoteístas.</p> <p>2.2. Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas sobre o sentido da vida.</p>	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
			10%	Trabal. Indiv.	
	<p>BLOQUE I.</p> <p>3. Investigar os valores que se propoñen no relato bíblico «Rut, a estranxeira».</p>	<p>3.1. Le e resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Rut, a estranxeira».</p> <p>3.2. Describe valores necesarios para mellorar situacións conflitivas actuais relacionadas coas relixións.</p>	10%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CEC
			20%	Portfolio	
	<p>BLOQUE I.</p> <p>4. Recapacitar sobre a paz nas relixións e a busca de sentido.</p>	<p>4.1. Recapacita e medita sobre a paz.</p> <p>4.2. Participa en debates sobre a busca de sentido da vida.</p>	10%	Reflex. Indiv.	CCL, CD, CAA, CSC, CEC
		10%	Expres. oral		
<p>BLOQUE I.</p> <p>5. Reflexionar sobre o valor do diálogo.</p>	<p>5.1. Autoavalía a súa capacidade de diálogo.</p>		10%	Proba escrita	CCL, CAA, CSC, CEC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os textos bíblicos e os contidos da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Relaciona os diversos contidos da unidade.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e as ensinanzas dunha película.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Intervén por medio do diálogo seguindo unhas pautas dadas.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.	- Desenvolve as súas actividades nos tempos previstos.
<i>Cultural e artística.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	- Manifesta interese pola cultura, a arte e a busca de sentido das diversas relixións.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a achega das relixións e do cristianismo na busca de sentido.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral.</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente relixiosos.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Comprender que o ser humano necesita dar un sentido á súa vida.	- Expón en que consiste o sentido da vida humana.

UNIDADE 2

Título

Descrición da unidade

Esta unidade móstranos que a verdadeira experiencia relixiosa dálle felicidade e sentido á vida; sendo a cristiá a experiencia relixiosa máis completa porque Deus se revelou na historia e porque, nesta experiencia, o ser humano se atopa persoalmente con Xesucristo resucitado, o Fillo de Deus. Por medio do estudo de experiencias relixiosas, como a dalgúns místicos, preténdese que o alumnado descubra a súa actitude relixiosa e a importancia para a vida dun mestre espiritual, como o propio Xesucristo.

Temporalización: 4 sesións (2ª quincena de outubro e 1ª quincena de novembro)

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar as principais características da experiencia relixiosa e a experiencia cristiá.
2. Diferenciar a intervención de Deus na historia fronte aos esforzos do ser humano na busca de sentido.
3. Tomar conciencia das ensinanzas morais e relixiosas que propón o relato bíblico «Noé e o diluvio universal».
4. Investigar sobre a actitude relixiosa e a éxtase relixiosa.
5. Descubrir e apreciar o valor de seguir un bo mestre.

➤ CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliac.	CC
- Experiencia relixiosa e experiencia cristiá. - A experiencia cristiá, plenitude da revelación relixiosa.	BLOQUE I. 1. Explicar en que consisten a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá.	1.1. Define brevemente a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá. 1.2. Describe a experiencia relixiosa de	10%	Portfolio Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC

<ul style="list-style-type: none"> - O relato bíblico «Noé e o diluvio universal». - Actitude relixiosa e éxtase relixiosa. - O valor de seguir un bo mestre. 		Xesús.	10%		
	BLOQUE I. 2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á busca de sentido.	2.1. Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. 2.2. Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	10%	Expres. Oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
			10%	Expres. oral	
	BLOQUE I. 3. Enumerar os feitos e ensinanzas relixiosos do relato bíblico «Noé e o diluvio universal».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Noé e o diluvio universal». 3.2. Participa en debates sobre ensinanzas presentes no texto.	10%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC
			10%	Expres. oral	
	BLOQUE I. 4. Descubrir a actual actitude relixiosa e experimentar o sentimento de éxtase relixiosa.	4.1. Analiza e reflexiona sobre a súa actitude relixiosa. 4.2. Participa nun disco-fórum sobre a contemplación.	10%	Reflex. Indiv. Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
		10%	Expres. oral		
BLOQUE I. 5. Identificar a Xesús de Nazaret como o mellor mestre para a vida.	5.1. Participa nun cine-fórum sobre o valor de seguir un bo mestre.	20%	Trabal. Indiv. Video forum	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC	

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
-------------	------------	-----------

<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Presenta unha exposición sobre contidos e exprésaos oralmente.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Dialoga sobre as aprendizaxes descubertas por medio das dinámicas de disco- fórum e cine- fórum.
<i>Aprender a aprender.</i>	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	- Valora a achega da unidade no seu progreso de aprendizaxe.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Participa na resolución de actividades e no desenvolvemento de diálogos e debates.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos e valores aprendidos.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Descubre a experiencia relixiosa como a máis completa.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral.</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián.	- Expresa actitudes e valores que derivan do sentido relixioso do ser humano.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Comprender que a experiencia cristiá se caracteriza pola revelación amorosa de Deus.	- Expón as achegas da experiencia cristiá ao ser humano.

UNIDADE 3

Título

Deus, historia e Igrexa

Descrición da unidade

Esta unidade ensina que Deus se revela e realiza unha alianza co ser humano que cumpre ao longo da historia. A devandita fidelidade permanente de Deus atópase na historia de Israel e continúa coa historia da Igrexa. O tema presenta a dobre realidade da Igrexa: ser unha institución humana e á vez unha realidade revelada por Deus e guiada polo Espírito Santo. Desde o coñecemento da historia da Igrexa desde o século XV ata a actualidade, o alumnado comprenderá a importancia de valores como o agradecemento, a fidelidade e o aproveitamento do tempo.

Temporalización: 4 sesións (2ª quincena de novembro e 1ª quincena decembro).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Recoñecer a fidelidade de Deus e a súa alianza co ser humano na Historia da Salvación.
2. Investigar a dobre realidade, humana e divina, da historia da Igrexa na Idade Moderna e na Idade Contemporánea.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «O profeta Xeremías».
4. Desenvolver e vivenciar a dimensión espiritual por medio do agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor da fidelidade.

➤ CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliación	CC
- A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. - A dobre realidade da Igrexa na historia da Idade Moderna e da	BLOQUE II. 1. 1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia.	1.1. Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.	20%	Portfolio	CCL, CAA, CSC

<p>Idade Contemporánea.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O relato bíblico de «O profeta Xeremías». - O agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo. - O valor da fidelidade. 	<p>BLOQUE II.</p> <p>2. Expresar a dobre dimensión, humana e divina e de acertos e erros, que se dan na vida da persoa e na historia da Igrexa.</p>	<p>2.1. Resume en que consiste a dobre realidade da Igrexa na historia.</p> <p>2.2. Extrae conclusións sobre a historia da Igrexa nos séculos XV a XXI.</p>	<p>10%</p> <p>10%</p>	<p>Portfolio</p> <p>Portfolio</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>3. Indicar a principal ensinanza moral e relixiosa do relato bíblico «O profeta Xeremías».</p>	<p>3.1. Expresa o argumento e principal ensinanza do relato bíblico «O profeta Xeremías».</p> <p>3.2. Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que reconece a fidelidade de Deus.</p>	<p>10%</p> <p>10%</p>	<p>Expres. Oral</p> <p>Reflex. oral</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>4. Reflexionar e experimentar a espiritualidade de agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo.</p>	<p>4.1. Dialoga sobre a dimensión espiritual do agradecemento.</p> <p>4.2. Reflexiona sobre o sentimento de aproveitar o tempo.</p>	<p>10%</p> <p>10%</p>	<p>Expres. oral</p> <p>Reflex. Indiv. Expres. oral</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>5. Concienciarse sobre o valor da fidelidade.</p>	<p>5.1. Participa nun cine-fórum sobre a fidelidade.</p>	<p>20%</p>	<p>Trabal. Indiv. Video forum</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.

	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Sintetiza os principais contidos da unidade.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e ensinanzas de materiais audiovisuais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Investiga e completa esquemas sobre os contidos.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Interioriza valores como os do agradecemento, aproveitar o tempo e a fidelidade.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.	- Emprende e executa as súas tarefas con sentido da responsabilidade.
<i>Cultural e artística.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Elabora creativamente unha tarxeta cun consello para empregar ben o tempo.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga sobre a historia da Igrexa.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral.</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como a fidelidade.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Valorar como Deus intervén na historia.	- Expresa que Deus se revela e realiza unha alianza co ser humano que cumpre ao longo da historia.

UNIDADE 4

Título

O mesías e a moral da vida pública

Descrición da unidade

Esta unidade presenta como a Biblia anuncia o nacemento dun Mesías sufridor que traerá á Terra o reino de Deus, sendo Xesús de Nazaret el Mesías Salvador e sufridor prometido por Deus. Desde esta perspectiva a Igrexa católica propón educar a dimensión moral, social e política en cada persoa e practicar a moral xeral de todos os cidadáns e a moral cristiá da vida pública. A percepción cristiá do sufrimento e do sacrificio conducirán a valorar o compromiso social como constituínte da propia espiritualidade e práctica da fe cristiá.

Temporalización: 4 sesións (3ª semana de decembro e 3 semanas de xaneiro)

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Identificar a Xesucristo como o Servidor, Mesías Salvador e sufridor de Deus, anunciado e revelado na Biblia.
2. Investigar as principais características da moral católica da vida pública.
3. Analizar criticamente os valores e antivalores que se describen no relato bíblico «A historia do rei Saúl».
4. Familiarizarse coa práctica da fe cristiá e o sentimento de sufrimento.
5. Descubrir e aplicar o valor do compromiso social.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliacion.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A figura mesiánica do Servo de Iavé. - Características da moral católica da vida pública. - O relato bíblico «A historia do rei Saúl». - A práctica da fe cristiá e o sentimento de 	BLOQUE II. 1. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufridor e o Mesías político.	1.1. Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufridor e do Mesías político. 1.2. Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufridor como criterio de vida.	10% 10%	Portfolio Reflex. Indiv. Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

sufrimento. - O valor do compromiso social.	BLOQUE II. 2. Sintetizar as características da moral católica da vida pública.	2.1. Argumenta desde os principios da moral católica da vida pública.	20%	Expres. oral	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE II. 3. Describir as ensinanzas persoais e sociais que se poden extraer do relato bíblico «A historia do rei Saúl».	3.1. Resume e extrae unha ensinanza do relato bíblico «A historia do rei Saúl». 3.2. Expón as calidades dun bo gobernante segundo a Biblia.	10% 10%	Portfolio Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 4. Valorar a importancia de practicar a fe e o sentimento de sufrimento.	4.1. Reflexiona ante dilemas morais que formula a vida pública. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre o sentido do sufrimento.	10% 20%	Reflex. Indiv. Expres. Oral Cine Forum Trabal. Indiv.	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE II. 5. Estimar o valor do compromiso social.	5.1. Aplica o método ver-xulgar-actuar ante un problema actual da sociedade e a política.	10%	Proba escrita	CCL, CAA, CSC, CSIEE

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Sintetiza os principais contidos da unidade.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e ensinanzas de materiais audiovisuais.

<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Investiga e completa esquemas sobre os contidos.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Interioriza valores como os do agradecemento, aproveitar o tempo e a fidelidade.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.	- Emprende e executa as súas tarefas con sentido da responsabilidade.
<i>Cultural e artística.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Elabora creativamente unha tarxeta cun consello para empregar ben o tempo.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga sobre a historia da Igrexa.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral.</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como a fidelidade.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Valorar como Deus intervén na historia.	- Expresa que Deus se revela e realiza unha alianza co ser humano que cumpre ao longo da historia.

UNIDADE 5

Título

Xesucristo, Igrexa e misión

Descrición da unidade

Esta unidade presenta como a comunicación con Xesús nos fai comprometernos con El e nos introduce na misión da Igrexa. O sentimento de entrega persoal que empurra a realizar sacrificios e compromisos para axudar os demais, está na base da misión que Xesús propón. Tamén

debemos aprender a ser críticos e a opinar de forma construtiva para mellorarnos nós mesmos, ás persoas e á sociedade.

Temporalización: 4 sesións (mes de febreiro).

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Descubrir que a iniciativa de Cristo a colaborar na súa misión xera unha comunidade que dá orixe á Igrexa.
2. Interiorizar compromisos cristiáns que van encamiñados a actualizar a misión de Xesús.
3. Coñecer e interpretar correctamente o relato bíblico «Xesús chama os primeiros discípulos».
4. Recoñecer como a comunicación con Xesús xera o sentimento de entrega persoal.
5. Descubrir e aplicar, na vida persoal e social, o valor da crítica moral.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliación	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade. - Compromisos para actualizar a misión de Xesús. - O relato bíblico «Xesús chama os primeiros discípulos». - Comunicación con Xesús e sentimento de entrega persoal. - O valor da crítica moral. 	BLOQUE III. 1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa.	1.1. Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.	20%	Portfolio	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE III. 2. Achar compromisos cristiáns para actualizar a misión de Xesús.	2.1. Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	20%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Coñecer e apreciar o convite de Xesús a colaborar na súa misión.	3.1. Resume e explica o argumento, as ensinanzas e a simboloxía da pesca milagrosa.	10%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

		3.2. Le de xeito comprensivo un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	10%	Portfolio	
	BLOQUE III. 4. Constatar e expresar como a comunicación con Xesús xera o sentimento de entrega persoal.	4.1. Imaxina e expresa que lle comunicaría a Xesús. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre a entrega persoal.	10% 20%	Expres. Oral Video forum Trabal. Indiv.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 5. Aprender a ver, xulgar e actuar cristiamente.	5.1. Describe como ser críticos e evitar ser manipulados polos medios de comunicación social.	10%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos, textos, citas e o relato bíblico da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Expresa correctamente os contidos traballados na unidade.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Investiga sobre un tema empregando diversas fontes.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	- Fai valoracións críticas e morais sobre a manipulación nos medios de comunicación social.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto	- Experimenta o sentimento de entrega persoal.

	aos distintos ritmos e potencialidades.	
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Participa no método de aprender a ver, xulgar e actuar cristiamente.
<i>Cultural e artística.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Dialoga sobre diversos aspectos relacionados coa arte presentes na unidade.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga e descobre a relación entre Xesucristo, a súa misión e a Igrexa.
<i>Competencia humanizadora e ético-moral.</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Aprecia o sentimento de entrega persoal e o valor da crítica moral.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Valorar os principais modelos de vida cristiá.	- Expresa compromisos concretos para actualizar a misión de Xesús.

UNIDADE 6

Título

Xesucristo, sacramentos e Matrimonio

Descrición da unidade

No contexto de que Xesús nos chama a colaborar con El para xerar unha comunidade, esta unidade presenta o sacramento do matrimonio como proxecto de encontro comunitario con Xesús. Por medio dos sacramentos, atopámonos con Cristo e recibimos a graza de Deus para colaborar na súa misión. Optar polo sacramento cristián do matrimonio leva consigo unha espiritualidade específica e un compromiso de crecemento e valoración da fidelidade, do amor, da entrega e do sacrificio...

Temporalización: 4 sesións (mes de marzo).

➤ **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Comprender o sacramento do Matrimonio en relación complementaria cos sacramentos da Igrexa católica.
2. Coñecer as principais características do sacramento do Matrimonio e a súa liturxia.
3. Valorar a orixinalidade do amor cristián no texto bíblico do «Canto ao amor cristián».
4. Coñecer e vivenciar a espiritualidade amorosa e o sentimento de salvar o matrimonio.
5. Aprender a actuar con coherencia persoal e cristiá.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliác.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Os sacramentos e a súa clasificación. - Características dos sacramentos da Igrexa católica e do sacramento do Matrimonio. - O texto bíblico «Canto ao amor cristián». - Poesía amorosa da Biblia e o sentimento de salvar o matrimonio. - O valor da coherencia persoal e cristiá. 	BLOQUE III. 1. Resumir as principais características dos sacramentos da Igrexa católica.	1.1. Clasifica e define os sacramentos da Igrexa católica.	20%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 2. Sintetizar o sacramento do Matrimonio e a súa liturxia.	2.1. Describe en que consiste o sacramento do Matrimonio e cal é a súa liturxia.	20%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Enumerar as características máis orixinais do amor cristián segundo o texto bíblico do «Canto ao amor cristián».	3.1. Le o texto bíblico do «Canto ao amor cristián» e expresa en que consiste este amor.	10%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 4. Expresar a espiritualidade amorosa e o sentimento de fortalecer o vínculo matrimonial.	4.1. Reflexiona e expresa creativamente a espiritualidade amorosa. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre como salvar un	10% 20%	Reflex. Indiv. Expres. Oral Video Forum Trabal	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

		matrimonio.		Indiv.	
	BLOQUE III. 5. Argumentar ante dilemas con coherencia persoal e cristiá.	5.1. Participa nun role- playing a partir dun dilema sobre o casamento.	20%	Observac.	CCL, CAA, CSC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os textos e o relato bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa por medio do diálogo nas diversas propostas da unidade.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e as ensinanzas dunha película.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Reflexiona e interioriza valores relacionados coa convivencia da parella.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	- Participa de forma responsable en dinámicas como o role-playing.
<i>Cultural e artística.</i>	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	- Mostra creatividade na confección dunha tarxeta de voda.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a achega dos sacramentos como medio de encontro con Xesucristo.

<i>Competencia humanizadora e ético moral.</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns, en especial o de coherencia persoal.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Comprender o xeito cristián de ver a vida.	- Valora como o encontro con Cristo transforma a vida.

UNIDADE 7

Título

Igrexa, moral e sexualidade

Descrición da unidade

Esta unidade parte da premisa de que a pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano. Unha desas dimensións é a da sexualidade, que se propón abranguer este tema. Así, ensínanos a importancia de desenvolver a sexualidade de forma integral, humana, moral e cristiá. Dado que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa, os contidos mostran a importancia dos sentimentos de acordo co desenvolvemento da espiritualidade e dun renovado concepto do valor do amor.

Temporalización: 4 sesións (mes de abril).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Valorar a importancia de desenvolver a sexualidade humana de forma integral, humana, moral e cristiá.
2. Coñecer as principais características, fundamentos, principios éticos e comportamentos da moral católica da sexualidade humana.
3. Interpretar correctamente os dous relatos bíblicos sobre «A creación do home e a muller».
4. Percibir e expresar a importancia da afectividade e o sentimento de namoramento.

5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor do amor.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliác.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano. - Características, fundamentos, principios éticos e comportamentos da moral católica da sexualidade humana. - Os relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller». - Afectividade e sentimento de namoramento. - O valor do amor. 	BLOQUE IV. 1. Sintetizar os trazos fundamentais da sexualidade humana.	1.1. Expón o que é a sexualidade humana.	20%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 2. Resumir as características máis importantes da moral católica da sexualidade humana.	2.1. Describe as características máis importantes da moral católica da sexualidade humana.	20%	Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 3. Aplicar as claves para interpretar correctamente os dous relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller» e indicar as súas ensinanzas.	3.1. Expresa o significado dos relatos bíblicos de «A creación do home e a muller».	10%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 4. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.	4.1. Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade. 4.2. Expresa o seu sentimento cara a Cristo por	20% 10%	Expres. oral Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

		medio dunha poesía.			
	BLOQUE IV. 5. Discernir o verdadeiro amor.	5.1. Resolve un dilema moral relacionado co verdadeiro amor.	20%	Expres. oral	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os relatos e o texto bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descubre as mensaxes e as ensinanzas dunha película.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	- Realiza un traballo colaborador e expón os resultados á clase.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Dialoga e participa en debates para extraer conclusións sobre os temas analizados.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.	- Promove un clima de traballo eficaz nas dinámicas grupais.

<i>Cultural e artística.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	- Compón un poema.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Toma conciencia de que Cristo ilumina todas as dimensións do ser humano.
<i>Competencia humanizadora e ético moral.</i>	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Recoñecer os fundamentos que xustifican a ensinanza moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo e cos outros.	- Valora o sentimento de namoramento e o sentido cristián do amor.

UNIDADE 8

Título

Igrexa, autoridade e verdade

Descrición da unidade

Nesta unidade mostraremos que a Igrexa e a súa autoridade están ao servizo da verdade sobre Deus e sobre o ser humano. Abonda con analizar os grandes descubrimentos e achegas que a Igrexa lle deu á historia. Neste sentido propoñemos que o noso alumnado descubra e defenda a verdade do ser humano, tomando conciencia da importancia que teñen a sinceridade e o valor da verdade.

Temporalización: 4 sesións (mes de maio).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Distinguir entre autoritarismo e a autoridade positiva, ao servizo da xustiza, a liberdade e a verdade.
2. Descubrir que a Igrexa e a súa autoridade están ao servizo da verdade sobre Deus e sobre o ser humano.
3. Coñecer os valores da fe en Deus, a verdade e a auténtica autoridade que propón o relato

bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces».

4. Descubrir e defender a verdade do ser humano e experimentar o sentimento de sinceridade.

5. Aplicar á vida persoal e social o valor da verdade.

➤ **CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Peso cualif.	Instr. avaliac.	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Autoridade positiva e autoritarismo. - A autoridade eclesial ao servizo da verdade. - O relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces». - A verdade do ser humano e o sentimento de sinceridade. - O valor da verdade. 	BLOQUE IV. 1. Diferenciar entre autoridade positiva e autoritarismo.	1.1. Define e diferencia os termos autoridade legal e xusta, autoridade moral e autoritarismo. 1.2. Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como reconece nelas a verdade.	10% 10%	Portfolio Rxpres. oral	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade.	2.1. Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 2.2. Reconece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.	10% 10%	Portfolio Portfolio	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 3. Expresar o argumento e a mensaxe relixiosa e moral do relato bíblico «Susana, Daniel	3.1. Sintetiza o argumento e a mensaxe relixiosa do relato bíblico «Susana, Daniel e os dous	10%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC

	e os dous xuíces».	xuíces».			
	BLOQUE IV. 4. Reflexionar sobre a defensa da verdade do ser humano e a sinceridade.	4.1. Enumera acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 4.2. Analiza o seu nivel persoal de sinceridade.	20% 10%	Portfolio Reflex. Indiv. Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 5. Indagar sobre o valor da verdade.	5.1. Participa nun disco- fórum sobre a verdade.	20%	Expres. oral	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

➤ **COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	- Investiga en Internet para obter informacións.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.	- Realiza propostas de traballo seguindo unhas pautas dadas.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a	- Participa de forma

	participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	cooperativa na preparación e desenvolvemento das propostas de grupo.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos aprendidos.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a importancia e as achegas da Igrexa na historia.
<i>Competencia humanizadora e ético moral.</i>	Tomar conciencia de como a Igrexa está ao servizo da verdade do ser humano.	- Mostra interese pola verdade e defensa do ser humano.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Descubrir a autoridade da Igrexa unida á misión de Xesús e ao servizo da verdade.	- Expresa que a autoridade eclesial está ao servizo da verdade.

UNIDADE 9

Título

Os cristiáns e a civilización do amor

Descrición da unidade

Esta unidade pretende dar a coñecer en que consiste a misión da Igrexa no mundo e facer reflexionar que, para levar a cabo a misión, se require compromiso dos cristiáns que están chamados a ser construtores da civilización do amor. A fe e a esperanza nun novo mundo prometido por Deus, dálles forzas aos cristiáns para construír a devandita civilización e para crer que é posible cambiar o mundo.

Temporalización: 4 sesións (mes de xuño).

➤ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

